

PLAN DE CONTINXENCIA 2020/2021



*Colexio Apostólico Mercedario
Verín (Ourense)*

1. O PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia do centro educativo CPR Apostólico Mercedario ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula ou etapa educativa do centro.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado.
3. Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
4. A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
5. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

6. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
7. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
8. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19 (J. Eloy García), a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
9. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
10. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada grupo.
11. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
12. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
13. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual do colexio. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles achegados polo profesorado. Igualmente o/a profesor/a poderá mandar tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que o colexio adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Durante os primeiros días de clase e dentro do “Plan de Acollida o alumnado” os titores de cada grupo facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual do colexio así como que se matriculen en cada unha das materias das que forman parte. Preferentemente esta actividade realizarase na aula de informática.

- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurárase de que o seu alumnado coñece o funcionamento deste curso e a súa metodoloxía que seguirá no hipotético caso de realizar ensino a distancia. Nesta plataforma o alumnado pode traballar e facer actividades aínda que o ensino sexa presencial, afianzando a competencia tecnolóxica e o bo manexo dos medios electrónicos. Todo o alumnado estará familiarizado coa contorna dos cursos online e a súa metodoloxía.
- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumno preferentemente a través da aula virtual “AcademicID”. Na plataforma virtual cada alumno estará asociado a todas as materias do curso. En cada materia o profesorado adxuntará os obxectivos e contidos correspondentes a cada unidade didáctica, así como o tipo de cualificación e avaliación.
- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.
- O profesorado poderá subir tarefas a plataforma de reforzo e ampliación para consolidar o contido da materia e a avaliación da mesma.
- Os recursos educativos de apoio do centro garantirán unha axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo, favorecendo o seu acceso ao currículo e poñendo especial coidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- A comunicación entre profesorado e familias será a canle de comunicación interna do centro educativo a plataforma de mensaxería instantánea Tokapp, ao mesmo tempo todas as familias saberán de primeira man todos os correos electrónicos do profesorado, así como as súas titorías ou gardas especiais. Ao mesmo tempo pola plataforma virtual, páxina web e a canle de comunicación interna o profesorado concretará claramente os obxectivos ou finalidades da comunicación, así como a súa temporalización.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. O centro educativo suministrará dispositivos electrónicos ao alumnado que non dispoña dos mesmos para poder seguir coa súa aprendizaxe telemática. A consellería tamén adoptará as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada polos medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar medidas oportunas en relación cos

períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

- No centro educativo as orientacións para o desenvolvemento do ensino non presencial levaranse a cabo a través de catro ideas:
 - O ensino- aprendizaxe ten que ter una finalidade clara e coherente.
 - Hai que facer un deseño das tarefas axeitadas: instrucións claras, tarefas que teñan en conta a realidade socioeconómica das familias e con estratexias de andamiaxe para que o alumnado poida levalas a cabo de xeito autónomo. Os recursos e tarefas non deben xerar desigualdades entre o alumnado.
 - Facer unha revisión personalizada das tarefas: “aportar feedback de calidade o alumnado e a labor máis importante que podemos realizar por moito tempo que consuma e complicado que pareza” Fernando Trujillo.
 - Promover un perfil de enseñanza e motivación cara á aprendizaxe segue sendo un reto da máxima importancia. É moi importante aportar retroalimentación individual e de calidade.

Durante o ensino non presencial o centro fará unha planificación preliminar mediante un claustro telemático, no cal a idea será non sobrecargar o alumnado de tarefas, o cal permitirá establecer unhas rutinas o alumnado polo cal o esquema de traballo será similar. As tarefas do alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

O proceso de ensino aprendizaxe, para que sexa efectivo, necesita do mantemento dunhas rutinas que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, explicación de conceptos, realización de tarefas, resolución de dúbidas, avaliación de progreso, que ineludiblemente conleva unha estruturación do proceso mediante a organización dun horario similar ao desenvolto dunha situación de presencialidade, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais.

O horario para a docencia a distancia, e de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e referencia para as familias, establece un orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, o cal permite avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materiais ou módulos para conseguir que o proceso de ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.

O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia segue as mesmas normas que foron establecidas para o ensino presencial coas adaptacións que proceden motivadas pola metodoloxía empregada. O

alumnado está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc..

Os tutores informarán as familias ou tutores das normas establecidas polo centro para esta nova modalidade de ensino – aprendizaxe, así como o control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

Os tutores de cada grupo de alumnado se fose necesario proporcionaranlle información os pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino- aprendizaxe a distancia.

Cando todas as familias estén equipadas organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

O mesmo día do peche:

- A dirección do centro enviará unha comunicación a través do Tokapp e publicará unha nova na web do centro.
- O profesorado habilitará na aula virtual do centro “AcademicID” os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias. Para calquera dúbida as familias contactarán co centro educativo pola aplicación Tokapp ou polo teléfono do colexio. Do mesmo xeito cada familia xa sabe as horas de titoría e correos electrónicos de todo o profesorado de centro.
- O día seguinte o peche o alumnado comenza coa sesión telemáticas seguindo o horario “online” aprobado polo centro educativo na plataforma telemática correspondente.

Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

O obxectivo do horario espello é proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca o alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- A interacción entre alumno e profesor.
- A realización de tarefas.
- A avaliación do progreso.

O seguinte horario para a actividade do ensino a distancia conta con unha carga lectiva para cada área, ámbito, materia como mínimo do 60% tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o profesorado e alumnado a actividade a través de medios telemáticos. O restante 40% da carga lectiva corresponde as tarefas e actividades (traballo persoal na casa) que deben ser resoltas e entregadas polo alumnado o profesorado a través da plataforma virtual do centro.

O horario conta con unha sesión de titoría para o alumando, e outra para as familias, a parte o orientador do centro realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do PAT (Plan de Acción Titorial). Tamén están previstas sesións individuais e grupais do alumando co orientador do centro para reforzar e asesorar a alumnos/as e familias.

O seguinte horario espello segue o horario de clase e conta con 4 sesións o día de 50 minutos. A carga semanal está prevista para 21h de videoconferencias, a restante carga lectiva complétase con actividades e tarefas que deben realizarse por parte do alumno.

O ensino non presencial será idóneo para o traballo da competencia dixital, aprender a aprender e a autonomía, responsabilidade, capacidade de organizarse e planificarse. Este tipo de ensino garantizará as aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

3. HORARIO CLASES ON LINE 2020/2021

1º ESO	HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	8:50 -9:50	Matemáticas	Xeografía e Hª	Matemáticas	Lingua castelá	Francés
2ª	10:30 -11:30	Lingua galega	Inglés	Relixión	Inglés	Xeografía e Hª
3ª	12:00-12:50	Lingua castelá	Lingua Castelá	Ed. Plástica	Bioloxía- Xeoloxía	Matemáticas
4ª	13:00-14:00	E. Física	Bioloxía- Xeoloxía	Orientación	Lingua galega	Titoría
COMIDA						
7ª	16:15-17:15	Titoría pais				

2º ESO	HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	8:50 -9:50	Inglés	Lingua castelá	Francés	Inglés	Ed. Plástica
2ª	10:30 -11:30	Matemáticas	Lingua galega	Matemáticas	Matemáticas	Música
3ª	12:00-12:50	E. Física	Xeografía e Hª	Lingua galega	Lingua castelá	Xeografía e Hª
4ª	13:00-14:00	Física e Química	Relixión	Física e Química	Tecnoloxía	Titoría
COMIDA						
7ª	16:15-17:15	Titoría pais				

3º ESO	HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	8:50 -9:50	Lingua castelá	Física e Química	Lingua galega	Matemáticas	Lingua castelá
2ª	10:30 -11:30	Xeografía e Hª	Relixión	Inglés	E.Física	Inglés
3ª	12:00-12:50	L.galega	Matemáticas	Bioloxía- Xeoloxía	Física e Química	Música
4ª	13:00-14:00	Tecnoloxía	Cultura clásica	Ed. Plástica	Xeografía e Hª	Titoría
COMIDA						
7ª	16:15-17:15	Titoría pais				

4º ESO	HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	8:50 -9:50	Matemáticas	Inglés	Física e Química	Tecnoloxía	Matemáticas
2ª	10:30 -11:30	Física e Química	Bioloxía- Xeoloxía	Lingua galega	Xeografía e Hª	Tecnoloxía
3ª	12:00-12:50	Xeografía e Hª	Lingua castelá	Francés	E.Física	Relixión
4ª	13:00-14:00	Lingua castelá	Lingua Galega	Inglés	Bioloxía- Xeoloxía	Titoría
COMIDA						
7ª	16:15-17:15	Titoría pais				

4. NORMAS BÁSICAS PARA O ENSINO ON LINE

1. Elexir para a teledocencia un entorno luminoso e cómodo que permita o ensino-aprendizaxe de forma satisfactoria, preferentemente un espazo no que o alumno se encontre só.

2. Vestirse e asearse de forma correcta. Debemos ser coidadosos co noso aspecto.

3. Evitar que aparezan persoas do entorno do alumno na vídeo-cámara.

4. Non tomar imaxes nin vídeos da vídeo chamada: mantéñense as mesmas normas que na aula presencial do colexio. É importante respectar a privacidade dos compañeiros e dos docentes, e usar con criterios educativos os contidos compartidos.

5. O alumnado deberá estar conectado 5 minutos antes do comezo de cada sesión telemática. Unha vez iniciada a sesión e despois dun tempo prudencial de espera, xa non se permitirá ao alumno acceso a dita clase.

6. Ao comezar a sesión débese identificar en todo momento co seu nome completo sen utilizar motes, siglas ou números.

7. É importante manter unha actitude activa de traballo en todo momento.

8. O alumno deberá usar auriculares con micrófono: axudan a focalizar a voz evitando ruídos de fondo e melloran a calidade do son que se transmite ao falar.

9. A cámara terá que estar sempre conectada e o micrófono apagado . Para participar, pide paso o profesor e o alumno terá que gardar sempre a a súa quenda.

10. O chat non é unha ferramenta de conversa entre alumnos. A utilización do chat só se usará para facer preguntas ao docente no caso de que non se entenda algo.

10. Calquera altercado no desenvolvemento normal das clases seguiranse os mesmos procedementos establecidos no NOFC (Normas de Organización e Funcionamento do Centro).